

# O número gramatical

## De Manual de Estilo DOG

### Índice

- 1 Formación do plural
  - 1.1 Palabras rematadas en vogal ou en ditongo
  - 1.2 Palabras rematadas en -r e -z
  - 1.3 Palabras rematadas en -s e -x
  - 1.4 Palabras rematadas en -n
  - 1.5 Palabras rematadas en -l
  - 1.6 Palabras rematadas noutras consoantes
- 2 Algunhas particularidades en canto á formación do plural
  - 2.1 Abreviaturas
  - 2.2 Siglas e símbolos
  - 2.3 Compostos

### Páxinas principais

[Portada](#)  
[Aspectos formais](#)  
[Normas de estilo e redacción](#)

## Formación do plural

Estas son algunhas observacións verbo da formación do plural:

### Palabras rematadas en vogal ou en ditongo

As palabras que finalizan en vogal –tónica ou átona– ou en ditongo forman o plural engadindo **-s**:

custo → custos

israelí → israelís

rei → reis

lei → leis

Os estranxeirismos acabados en vogal forman o plural engadindo **-s** ou respectando a forma de plural de orixe:

spray → sprays

hippy → hippys ou hippies

[↑ Voltar ↑](#)

### Palabras rematadas en -r e -z

Estas palabras, incluídos os estranxeirismos xa integrados, engaden o morfema **-es** sobre o singular:

calor → calores

luz → luces

dólar → dólares

palier → palieres

somier → somieres

Algúns estranxeirismos pouco integrados poden formar o plural do xeito anterior ou engadindo **-s**:

póster → pósteres ou pósters

gángster → gángsteres ou gángsters

[↑ Voltar ↑](#)

## Palabras rematadas en **-s** e **-x**

Engaden **-es** as que son agudas:

compás → compases

deus → deuses

Permanecen invariables as agudas rematadas en grupo consonántico e todas as graves e esdrúxulas:

| Singular | Plural   |
|----------|----------|
| luns     | luns     |
| fax      | fax      |
| lapis    | lapis    |
| martes   | martes   |
| mércores | mércores |
| oasis    | oasis    |
| tórax    | tórax    |

[↑ Voltar ↑](#)

## Palabras rematadas en **-n**

Engaden **-s**:

can → cans

dolmen → dolmens

mitin → mitins

[↑ Voltar ↑](#)

## Palabras rematadas en **-l**

As palabras monosílabas acabadas en **-l** engaden **-es**:

cal → cales

el → eles

mil → miles

pel → peles

tal → tales

As palabras agudas polisílabas substitúen o *-l* final polo morfema *-is*:

aval → avais

civil → civís

control → controis

fiel → fieis

papel → papeis

As palabras compostas en que o segundo elemento é un monosílabo, fan o plural en *-es*:

ollomol → ollomoles

cartafoi → cartafoles

As palabras graves que finalizan en *-l* forman o plural engadindo o morfema *-es*:

cónsul → cónsules

difícil → difíciles

útil → útiles

Exceptúanse desta norma as palabras acabadas en *-bel*, que fan o plural en *-beis*:

amábel → amábeis

posíbel → posíbeis

[↑ Voltar ↑](#)

## Palabras rematadas noutras consoantes

As máis delas son estranxeirismos ou cultismos e forman o plural engadindo *-s*:

álbum → álbums

boicot → boicots

club → clubs

hándicap → hándicaps

réquiem → réquiems

test → tests

# Algunhas particularidades en canto á formación do plural

## Abreviaturas

As abreviaturas formadas por máis dunha letra fan o plural engadindo **–s**:

núm. → núms.

páx. → páxs.

tfno. → tfnos.

Nas formadas por unha letra, o plural exprésase duplicando esta:

p. → pp.

s. → ss.

## Siglas e símbolos

Nas siglas e nos símbolos non se marca o plural:

| Correcto   | Incorrecto                                 |
|------------|--------------------------------------------|
| As ANPA    | As ANPAS<br>As ANPAs<br>As ANPA's          |
| Varias ONG | Varias ONGS<br>Varias ONGs<br>Varias ONG's |
| 50 g       | 50 gs                                      |
| 20 km      | 20 kms                                     |
| 80 l       | 80 lts                                     |

Porén, os acrónimos lexicalizados —é dicir, incorporados ao galego como nomes comúns, polo que se escriben en minúsculas— pluralízanse coma calquera outra palabra:

a peme → as pemes

o radar → os radares

[un tac](#) → [varios tacs](#)[↑ Voltar ↑](#)

## Compostos

Nas palabras compostas, a marca de plural pode aplicarse de distintos xeitos:

- Nalgúns casos, só pluraliza o segundo dos elementos: *institutos marítimo-pesqueiros*; *escolas náutico-pesqueiras*; *características físicoquímicas*.
- Noutros, pola contra, o plural afecta só o primeiro elemento: *coches cama*, *decretos lei*.
- Finalmente, noutros casos, o morfema de plural aplícase aos dous elementos do composto: *gardas civís*, *porcos bravos*.

[↑ Voltar ↑](#)

Traído desde "[http://w\\_estdog-pro.xunta.es/index.php/O\\_n%C3%BAmero\\_gramatical](http://w_estdog-pro.xunta.es/index.php/O_n%C3%BAmero_gramatical)"

---



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia